

Aberta a convocatoria para o VIII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2025. Galiza + Portugal, no marco da X Xornada da Sección de Literatura Dramática da AELG

[Redacción A Coruña](#) Publicado 16/07/2025

<https://21noticias.com/2025/07/16/aberta-a-convocatoria-para-o-viii-festival-pezas-dun-teatro-do-porvir-2025-galiza-portugal-no-marco-da-x-xornada-da-seccion-de-literatura-dramatica-da-aelg/>



Organizada pola AELG coa colaboración do Concello da Coruña, Deputación Provincial da Coruña, CEDRO e o Camões-Centro Cultural Português em Vigo.

O Festival terá lugar dentro da **X Xornada da Sección de Literatura Dramática 2025**, o **domingo 19 de outubro de 2025**, no **Teatro Rosalía de Castro** da cidade da Coruña, entre as **10:00 e as 21:00 h.**, aproximadamente.

Convocatoria aberta a **7 proxectos de artes escénicas** que utilicen textos en galego ou portugués, individuais ou colectivos, para un espectáculo en calquera das modalidades e xéneros das artes escénicas. Debe tratarse dunha peza ou proposta escénica que estea en proceso de creación/realización.

Un comité de selección, formado por Afonso Becerra, Vogal de Literatura Dramática da AELG, Xosé Paulo Rodríguez, director do Teatro Rosalía de Castro (TRC) da Coruña e Célia Guido Mendes, en representación do Camões–Centro Cultural Português em Vigo (Camões–CCP em Vigo), baseándose en criterios artísticos, escollerá **4 propostas de Galiza e 3 propostas de Portugal**, para ser (re)presentadas no **VIII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2025: Galiza + Portugal**.

Unha vez (re)presentadas, as/os creadoras/es de cada proxecto deberán emitir un voto secreto polo proxecto que consideren mellor, excluindo na papeleta de votación o seu propio. Estes votos e os do comité organizador e, se así o considerar, o da persoa convidada de honra, concederán o **IV PREMIO VIII FESTIVAL PEZAS DUN TEATRO DO PORVIR 2025**, que consistirá na estrea da peza. É importante sinalar que, unha vez (re)presentados os proxectos, o xurado pode considerar que ningún deles reúne as características ou condicións necesarias e, por tanto, deixar o premio deserto.

O funcionamento deste festival consta dunha **exposición ou mostra dun fragmento da peza ou da peza enteira, no caso de ser breve, dentro dunha duración máxima de 15 minutos**. Xusto despois, haberá un **tempo complementario para unha breve análise, debate ou conversa ao seu respecto, dentro dunha duración máxima 15 minutos**.

No breve debate posterior ás presentacións búscase coñecer a reacción do público, nun diálogo que pode servir para enriquecer, por parte da/o dramaturga/o ou equipa de dramaturxia, o acabado desas pezas en proceso.

As (re)presentacións faranse no formato que cada dramaturga/o ou equipa de dramaturxia considere máis axeitado. Para a selección do proxectos privilexíaranse aqueles en que as presentacións reforcen ou indaguen no escénico, máis do que na simple lectura dun texto.

Aínda que o nome deste evento é “Festival”, non contamos coas infraestruturas nin a capacidade de produción dun festival de artes escénicas ao uso. Neste caso trátase dun espazo diáfano, cunha luz xeral e con mínimas posibilidades no que atinxe a equipamento técnico. Tampouco hai tremoias nin persoal técnico ao servizo das (re)presentacións dos proxectos. Por tanto, é necesario que as/os creadoras/es amosen o seu traballo, ou o bosquejo do seu traballo, dentro das súas propias capacidades para facelo.

Condicións:

– Asígnase un orzamento total de **500 euros** para cada proxecto seleccionado desde Galiza e **600 euros** para cada proxecto seleccionado desde Portugal, onde se entenden incluídos todos os custos (desprazamentos, etc.).

– Prazo para a presentación de propostas: **14 de setembro de 2025**.

– A selección dos proxectos será realizada por parte da organización (Afonso Becerra de Becerreá, vogal da Sección de Literatura Dramática da AELG; Xosé Paulo Rodríguez, director do Teatro Rosalía de Castro da Coruña; e Célia Guido Mendes, en representación do Camões–Centro Cultural Português em Vigo (Camões–CCP em Vigo) en función de:

- + Descrición e formulación do proxecto.
- + Breve mostra da peza.
- + Currículum das/os dramaturgas/os.

Estes materiais deberán ser enviados en formato dixital, **antes das 24 h. do 14 de setembro de 2025**, a: oficina@aelg.org

– **As/os creadoras/es seleccionados para (re)presentar os seus proxectos escénicos deben comprometerse a estar presentes durante toda a xornada que dura o Festival (dentro da X Xornada da Sección de Literatura Dramática 2025, o domingo 19 de outubro de 2025, no Teatro Rosalía de Castro da cidade da Coruña, entre as 10:00 e as 21:00 h., aproximadamente) e participar nos debates dos proxectos (re)presentados polas/os súas/seus colegas, de tal xeito que poidan, ao final da xornada, emitir o voto correspondente para o IV Premio VIII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2025: Galiza + Portugal.**

IV PREMIO VIII FESTIVAL PEZAS DUN TEATRO DO PORVIR 2025

Ademais do orzamento asignado a cada proposta para a súa (re)presentación no **VIII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2025: Galiza + Portugal**, un comité, formado polo Vogal de Literatura Dramática da AELG, Afonso Becerra, o director do Teatro Rosalía de Castro da Coruña, Xosé Paulo Rodríguez, Célia Guido Mendes, en representación do Camões–Centro Cultural Português em Vigo, e, se así o considerar, a persoa convidada de honra, e contando cos votos das/os creadoras/es participantes, seleccionará unha das propostas para ofrecerlle a posibilidade de ser estreada. O xurado tamén podería decidir deixar o premio deserto se os proxectos (re)presentados non reunisen as características e condicións necesarias.

<https://www.aelg.gal/novas-e-comunicados/2025/6/17/bases-do-viii-festival-pezas-dun-teatro-do-porvir-2025-galiza-portugal>